

ANEXO. Tema 7. A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas

ÍNDICE

CAMILO GONSAR	2
<i>Lonxe de nós e dentro</i>	2
MARÍA XOSÉ QUEIZÁN	2
<i>A orella no buraco</i>	2
X. L. MÉNDEZ FERRÍN	3
<i>Percival e outras historias</i>	3
<i>O crepúsculo e as formigas</i>	3
O crepúsculo e as formigas	4
CARLOS CASARES	7
<i>Vento ferido</i>	7
XOHANA TORRES	8
<i>Adiós María</i>	8

CAMILO GONSAR

Lonxe de nós e dentro

—Escoita

—pero anda, ho, podes falar andando, ¿ou non?, que xa é tarde.

—Escoita

—veña, xa escoito

Púxolle a boca diante da orella. Transcorreron catro segundos sen que dixese nada; finalmente, botou una gargallada longa, deu tres pasos para atrás e logo media volta e seguiu rindo dobrado pola cintura

—pero, ¿qué pasa, ho?

Non paraba de rir e víñanlle novas gargalladas cando quería poñerse dereito,

—tes boa gana de mollarte —Vés ou non vés, Amadeo

Camilo Gonsar; «A volta», en *Lonxe de nós e dentro*

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN

A orella no buraco

A superficie está lañada xustamente por onde falta a pintura. Anteriormente tiña sido verde agora era moura, denegrida, marrón, arrubiscada.

As estillas eran máis claras. O respaldo continuaba sendo verde e contrastaba co negro enfurruxado das patas de ferro. Nalgunhas partes, sobre de todo nas extremidades había pequenos buracos.

Desperto con dor. Teño unha orella metida nun dos buracos máis grandes. As miñas mans penden a ambas as bandas da táboa lañada, engadíndolle dúas patas ao banco, dúas patas curvadas e redondas cunha base sobresaíndo contrafora como un sillón estilo Luis XV.

María Xosé Queizán: *A orella no buraco*

Descrición detallada do banco onde dorme un vagabundo mediante a técnica do obxectalismo.

X. L. MÉNDEZ FERRÍN

Percival e outras historias

Percival levantouse da cadeira, pechou a radio, ollou pola fenestra. A longa lúa íase perder ao lonxe antre semáforos vermellos e verdes de anuncios fluorescentes (espazo da realidade) [...] Saíu logo ao xardín, cun libro na mao. Saíu ao «Xardín das Outas Árbores» [...] O bosco empezaba a poboarse de sombras de misterio [...] Un alento heroico atravesaba o bosco até Percival.

X. L. Méndez Ferrín: *Percival e outras historias*

O bosco é o espazo da fantasía onde teñen lugar aventuras case medievais.

O crepúsculo e as formigas

Hoxe é domingo pola mañá. Pasei parte da noite bebendo e teño ardencia no bandullo. De cada vez que penso, é decir, de cada vez que sinto que hai un chinche no teito, poño por caso, ou que teño ollos e vexo, ou que hai homes e gando e casas e resulta que teño dias maos, síntomas desacougado. Eu son León Barreiros. E que? Podía ter sido unha laxe mexada do calexón de Entre Rúas. Non entendo por qué estou agora a escribir istes papeis que ninguén vai ler. E todo foi dende o da miña nai. Ela está ben morta. Comprázome en imaxinarlle unha presadiña de vermes en cada ollo. Ela agora ben a gosto, desfacéndose aos poucos na súa caixa

X. L. Méndez Ferrín: «Un chinche durme no teito», en *O crepúsculo e as formigas*

O personaxe está **desacougado** e séntese un ninguén (*Podía ter sido unha laxe mexada do Calexón de Entre Rúas*) e que non fai nada interesante nin de proveito (*Non entendo por qué estou agora a escribir istes papeis que ninguén vai ler*); presenza do chinche, dado o gusto do autor pola entomoloxía (compárese co escaravello de A metamorfose); gusto pola **morte** e polo macabro (*Comprázome en imaxinarlle unha presadiña de vermes en cada ollos, desfacéndose aos poucos na súa caixa*); e personaxe condicionado por **traumas infantís**, arredor da nai (*E todo foi dende o da miña nai*)

O crepúsculo e as formigas

Miña querida Lou:

Arrecende o mar en Puech Merlhou? Eiquí en Vigo arrecende.

Como che prometín, vou facerche entrega dos meus segredos amorosos. [...] Esta é a historia da Vella. Non che digo o seu nome porque nunca estiven fixo dil. Simplemente a Vella.

Eu tiña un plan cando deixei a miña casa, a miña aldea. Tiña un plan segredo. Un plan escuro.

Cáseque era un impulso. (Xa ti sabes todo o que en min hai de irracional). Figúrate un rapaz — apenas un home— buscando naquíl bairro sen nome, onde as rúas —apenas rúas— carecen de dirección fixa, Busquei e canseime. Dormín a primeira noite nun banco de pedra. Millor dito, non poiden dormir pois o banco estas ba xusto embaixo dun farol. [...] Pola mañá seguín buscando. No meu plan estaba percurar sempre. percu_rar sempre.

Por fin atopei a casa, que millor sería chamar casoupa. Detívenme e supetamente soupen que aquela era a casa. No meu plan estaba entrar (Xa antes che dixen que non era mesmamente un plan). Dentro estas ba o Xaquín, deitado nunha cama, co peito ao aire, groso, suando, cheirando a podre. A Vella tiña moitos anos, sen dentes; estaba enloitada e cega. [...] Antes de que eu dixera nada falou o Xaquín.

—Imposible. Váíase, váíase, veña...

E que o tipo aquil adiviñara o meu plan? Abrín a boca para falar, aínda que —en verdade— se Xaquín non me interrompe, eu veríame nun apreto, pois non tiña absolutamente nada que decir. Interrumpiame:

—Non sabemos quen é vostede. Non o precisamos eiquí. Faga o favor de saír.

Eu non me contiven e rompín en protestas. Foi un río continuado, inconexo de protestas [...] Entón entra a Vella. Fala.

—É millor que o señor Ramón fique connosco até que se aclare a situación.

Xaquín elevou imperceptibelmente o tórax do leito.

—Vaia, Vella. É que vas facer outra vez a xogada? Non che dou pena? Non che dá pena o teu fillo?

Eu, miña querida Lou, fiquei naquela casa Durmía nun curruncha antre cobertores, que de distinguidos que eles estaban e de tanto que eles cheiraban ao suor, eu calculei que foran do uso persoal de Xaquíne

A Vella levábame un tantiño caldo, cada mañá. E podía verlle a cara de perto.

Un día dinme conta que non parecía xa tan vella como o primeiro día.

E seguiu pasando o tempo, pro como non debía pasar, E eu de cada vez máis inconsciente. Precipitáronse os acontecementos, precipitouse o tempo, nunha noite, Coido que foi nunha noite. pro: cantas noites non irían naquela noite... E menceu o sol.

Apaseei a oliada poia habitación. Estaba unha mulier de pé. Era unha moza. Eu erguinme, pelo medrado, Pergunteille á moza:

—E o Xaquín?

—Aínda non naceu.

E a Vella?

-Non miras que non son vella? Son máis nova ca ti... Son nova...

O extraordinario é que eu non cambeara. Estaba coma denantes. [...]

Cáseque insultantemente díxome a Vella, pasado ben tempo de vivirmos xuntos:

—Imos ter un filio. Ímoslle pór Xaquín. Eh?

Ti cres que pode haber nervos no mundo pra aturar aquilo? Fun implacábel. Díxenlle á Vella que me ía daquela casa, que non aturaba máis.

Ela se non inmutou.

-Xa sabía eu. Xa o sabía. Non teñas pena por min. Voltarei a ser a Vella. Outro virá que me faga de novo ao Xaquín.

Funme e deixei á Vella empreñada. Agora ben. Despois de saberes o que sabes, ti podes asegurar de que Xaquín seña o meu fillo? Xaquín, en realidade, era fillo de alguén? [...]

Pra findar. Vexo a ría dende a miña fiestra. Está azul. Dime, está azul o ceo en Puech Merlhou? Abrázote,

Ramón Fraiz

X. L. Méndez Ferrín: «Dúas cartas a Lou», en *O crepúsculo e as formigas*

As características da Nova Narrativa Galega neste texto son as seguintes:

- **Personaxes innominados** (*Non che digo o seu nome porque nunca estiven fixo dil. Simplemente a Vella*); misteriosos (*Xa ti sabes todo o que en min hai de irracional*); que andan á procura de algo que non se sabe moi ben o que é (*Busquei e canseime*); con dificultades para se comunicaren (*non tiña absolutamente nada que decir continuado, inconexo de protestas*) e contraditorios (*Tiña un plan segredo, escuro [...] xa antes che dixeran que non era mesmamente un plan*).
- **Atmosfera pavorosa e misteriosa** (*Eu tiña un plan. Tiña un plan segredo. Un plan escuro*).
- **Espazos indeterminados e sen importancia** (*deixei a miña casa, a miña aldea; bairro sen nome*). Espazos **fechados**, sórdidos e case inmundos (*presenza da casoupa, dun cuarto nauseabundo*).
- Certa **desorientación espacial** (*onde as rúas —apenas rúas— carecen de dirección fixa*).
- Recorrenza a elementos utilizados noutras obras da NNG, como é a presenza do banco baixo un farol, que xa aparecía en *A orella no buraco* e en *Arrabaldo do Norte*. Tamén a fiestra é un elemento moi empregado por Méndez Ferrín, así como a cor azul como símbolos positivos (*Vexo a ría dende a miña fiestra. Está azul*). A fiestra é a barreira co mundo exterior.
- **O paso do tempo precipitado** e absurdo xa que vai do presente ao pasado (*E seguiu pasando o tempo, pro como non debía pasar*). Este curioso paso do tempo fai que os personaxes retornen á súa xuventude —no caso da Vella— e ao estado do Nada —no caso do Xaquín—. O absurdo continúa na mente do personaxe narrador coas preguntas: *ti podes asegurar de que Xaquín seña o meu fillo? Xaquín, en realidade, era fillo de alguén?*
- **Minimalismo estilístico**, sen deixar por isto de ser un texto literario, e gusto polas descrições sórdidas, que causen repugnancia, e que se aproximen ao *locus horrendus*, algo frecuente na narrativa de Méndez Ferrín. Fóxese do mundo idealizado que outras veces se procurou nas letras galegas (*Durmía nun curruncho antre cobertores, que de distinguidos que eles estaban e de tanto que eles cheiraban ao suor, eu calculei que foran do uso persoal de Xaquín*).

CARLOS CASARES

Vento ferido

Botamos a sortes e tocoume a min. Quixen fuxir ou tirarme ao río, pero o Rata miroume así como mira el, e collín o vimbio. «Veña». Díxenlle que non. «Mira Rafael, que che tocou en sortes». Díxenlle que non. «Mira, Rafael, que te imos atar a ti». «Non». «Mira, Rafael, que non me enchas». «Mira Rafael...». Pola voz souben que me ía dicir o da miña nai. Agarrei o vimbio e funme cara ó Zalo. Eu non quería, ben o sabe Deus. E deille no pescozo. Os outros berraron: «¡Máis!». Trinquei os dentes e sentín que me baixaban as bágoas polos ollos e que non vía. E deille nas pernas, nos ombros, na cara, no peito. Sangraba e berraba. E os outros dicían: «¡Máis!». E eu non vía. E daba. E sentía o sol dentro da cabeza e os chiídos do Zalo, que se me espetaban nos ouvidos. E daba. «¡Máis!». Cando mirei para o Zalo gañei medo. Sangraba por todas partes e comíano as moscas, Estaba como morto. Non falaba. [...]

Agora estou neste colexio. Aquí levo un ano. E primavera e non podo saír. Ao mellor saio para xullo [...]

Carlos Casares: «O xogo da guerra» en *Vento ferido*

Vocabulario

- **Vimbio:** vara longa e flexible que se utiliza para atar monllos e facer cestos deste material.
- **Trinquei:** verbo trincar, apertar os dentes, morder, trabar.
- **Espetaban:** verbo espetar, no texto entraren ou cravárense os berros agudos nos ouvidos.

Este é o primeiro relato dos 12 de *Vento ferido*, Leva por título «O xogo da guerra» e está protagonizado por adolescentes. O autor súmase así a un conxunto de obras de protagonista adolescente corno *Os biosbardos*, *Xente ao lonxe* ou *Retrincos*. Algunhas características deste texto son típicas da NNG:

- Os **protagonistas** son **seres cotiáns**. A diferenza doutras obras, o protagonista é un personaxe con sentimentos, que se mostra sensible ante unha situación que non é quen de controlar, oprimido polo liderado do Rata, polo pavor de que lle dixera aquilo da súa nai (que o lector descoñece) —ocultamento de detalles propio da NNG— pola calor abafante e pola presenza das moscas, dous símbolos recorrentes no autor (sentía o sol dentro da cabeza / comíano as moscas).
- A **violencia** é tratada desde unha perspectiva realista, e motivada polas circunstancias anteriormente expostas.
- **Contraposición entre dous espazos:** o da agresión, aberto e condicionado polo sol —luz e calor en exceso— e o fechado, imposto: o reformatorio no que se encontra o protagonista. Os dous son espazos oprimentes e negativos para o personaxe.

XOHANA TORRES

Adiós María

En números redondos levan os pais xa en Francia un ano e seis meses e eu por aquí apañando coas consecuencias, pero calma, Maxa, que todo se andará.

¿Qué como foi aquela desgracia? Que os autobuses se botaron a rodar polas rúas sen máis, crebou entón a Empresa de Tranvías, os empregados sen emprego naturalmente metidos nun lío sen comelo nin bebelo, así de sinxelo como vos conto, o meu pai no grupo, vaia home, resultáralles fina a papeleta. E como non ía a ocorrer o desperfecto, víase vir coa competencia dos aparatos eses, como aceleraban os condenados, quen lles tusía aos bechos asubiando os autobuses coas rodas nas curvas

Un mundo de xente a facer comenta, celebrar a novidade: que diferenza, xa ía sendo hora que tiraran aquelas carracas, unha cidade coma a nosa ben merecía uns transportes con arreglo á súa categoría... Eu, a verdade, tanto freazo, os autobuses por aquí, os autobuses por alá e tumba que lles dás todo o santo día. [...] E os tranvías sen clientela, escarrancados dando tombos á esquerda e á dereita [...]

Texto narrado en **estilo indirecto libre**, a través do cal unha rapaciña transcribe todo o seu pensamento dirixíndose a uns narratarios (como vos digo). É a técnica narrativa do **monólogo interior** a que achega este texto, e toda a Obra, á modernización narrativa da NNG, polo demais o carácter crítico e irónico do texto non ten nada que ver coa NNG.

Maxa, alcume de María, relata en primeira persoa o comezo dun trauma familiar: o feche da Empresa de Tranvías e o conseguinte paro do pai, o cal se verá na obriga de emigrar xunto coa súa muller e deixar a Maxa e irmáns a cargo dos avós. Con quince anos ela ten que abandonar os estudos e asumir o papel de cabeza de familia. O seu desafogo: o diario que escribe.

A linguaxe coloquial, familiar e a ausencia de recursos estilísticos, que a afastan de ser unha linguaxe literaria no sentido convencional, móstrannos un texto moderno e renovador: *eu apañando as consecuencias; sen comelo nin bebelo; vaia home resultárelles fina a papeleta; como aceleraban os condenados, quen lles tusía aos bechos asubiando os autobuses coas rodas nas curvas; aquelas carracas; e tumba que lles dás todo o santo día; escarrancados dando tombos á esquerda e á dereita.*

